

Os pensamentos de “as negras”, claves para unha análise temática de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*

Xosé L. Sánchez Ferraces

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SÁNCHEZ FERRACES, XOSÉ LUÍS (2011 [1986]). “Os pensamentos de ‘as negras’, claves para unha análise temática de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 164-170. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1500>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SÁNCHEZ FERRACES, XOSÉ LUÍS (1986). “Os pensamentos de ‘as negras’, claves para unha análise temática de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 164-170.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OS PENSAMENTOS DE 'AS NEGRAS', CLAVES PARA UNHA ANÁLISE TEMÁTICA DE *FOLLAS NOVAS* E *EN LAS ORILLAS DEL SAR*

XOSÉ L. SÁNCHEZ FERRACES

Universidade de Santiago

1. Parto neste estudio dunha intención: a de non presentar a este Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo unha análise completa e pormenorizada de todos e de cada un dos temas que afloran en *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, senón a de explicitar, coa maior claridade posible, os seus núcleos temáticos máis preeminentes e intentar demostrar que os dous poemarios rosalianos, anque separados polo tempo e pola lingua, son o froito dunha mesma e idéntica inspiración, que, en acoso permanente, se ve con relativa frecuencia activada (a intensidade e a frecuencia varían dun libro a outro) por unha serie de signos temáticos ós que de aquí en diante denominaremos, utilizando a terminoloxía rosaliana, "pensamentos negros" ou "pensamentos de ás negras". De aí a razón deste título.

A recurrencia de tales pensamentos, analisados só na súa componente semántica, é unha pista segura para que un lector medianamente atento poida descubrir cales foron as liñas de forza que orientaron a composición destas dúas obras que, con títulos completamente "inocentes" desde o punto de vista da estratexia da comunicación literaria, son a confesión dunha muller, dun "lastimado corazón enfermo" que, atopando o mundo deserto e despoboado o ceo, se atreveu a trasladar a un papel delator os sentimentos máis agachados (aqueles que ninguén debería penetrar), as preocupacións e experiencias máis íntimas, os problemas máis lacerantes da súa sociedade e do seu país, as feridas do seu mundo psicolóxico, moral e relixioso, e que querendo aliviar penas reais ou imaxinarias, encontra nos poemas (intencionalmente condenados pola autora desde o momento de nacer a "eterna olvidanza") unha necesaria, imprescindible e inevitable válvula de escape cando a presión social, a presión vital ou a presión do pensamento alteran o seu sistema nervioso ou, como escribe a propia Rosalía na novela *Flavio*, "cuando la bilis, esa materia asquerosa de nuestra mezquina naturaleza, derrama en mi sangre su veneno" (1). De *En las orillas del Sar* tiramos esta confesión

Desbórdanse los ríos si engrosan su corriente
los múltiples arroyos que de los montes bajan;
y cuando de las penas el caudal abundoso

(1) Rosalía de Castro, *Obras Completas*, recopilación y estudio biobibliográfico de Victoriano García Martí, Aguilar, 1968, p. 911.

se aumenta con los males perennes y las ansias,
¿cómo contener, cómo, en el labio la queja?,
¿cómo no desbordarse la cólera en el alma?

(O.S., "Desbórdanse los ríos si engrosan su corriente")

A escritura poética en Rosalía é, xa que logo, unha necesidade e, polo mesmo, unha permanente recaída. E ela non ten reparo ningún en confesalo: "Vicio, pasión, o acaso enfermedad del alma / débil a caer vuelve siempre en la tentación" (2).

2. Marina Mayoral fixo notar repetidas veces, pero de maneira especial no seu espléndido libro *La poesía de Rosalía de Castro*, que no discurso poético rosaliano hai unha forte propensión didáctica, un irrefreable afán explicativo, un desexo de claridade. Este didactismo é facilmente xustificable, porque surxe do intenso temor de Rosalía a non ser ben entendida e, sobre todo, porque ten como fin contrarrestar canto máis mellor o profundo medo a verse traicionada polas palabras

Mas la palabra en vano
cuando el odio y el amor llenan la vida,
al convulsivo labio balbuciente
se agolpa y precipita.
¡Qué ha de decir!. Desventurada y muda,
de tan hondos, tan íntimos secretos,
la lengua humana, torpe, no traduce
el velado misterio.

(O.S., "La palabra y la idea... Hay un abismo")

Por iso, nada nos debe sorprender que en *Follas Novas* Rosalía de Castro reflexione sobre determinados aspectos do seu discurso poético: a "estrana insólita armonía" dos seus versos, a natureza das súas imaxes, etc., ou que *En las orillas del Sar* nos informe con bastante precisión sobre os principais signos do seu código temático que se revela clara e decididamente postromántico. ¿E quen mellor ca ela para sabelo?

Plenamente consciente de que o pensamento que transmiten os poemas de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* non vai á procura de mundos luminosos de esperanzados abrentes, que non canta "as pombas i as frores", que non persegue soños de vida, que non escala a altura dos ceos para atopar un asilo acolledor, senón que, pola contra, busca refuxoiro permanente no mundo da sombra, nos froitos apodrecidos da vida, Rosalía infórmanos (léase na súa case totalidade a terceira parte, realmente esclarecedora, do poema "Los que a través de sus lágrimas" de *En las orillas del Sar*) de que os signos temáticos que máis constantemente mobilizan a súa escritura son os "pensamentos de ás negras". A autora de *Cantares Gallegos* recoñece que algúns deses pensamentos non son nin novos nin vellos, senón de sempre. E confésao abertamente cando di

(2) *En las orillas del Sar*, "Aún otra amarga gota en el mar sin orillas".

Ben sei que non hai nada
 novo en baixo do ceo,
 que antes outros pensaron
 as cousas que ora eu penso.

(F.N., "Ben sei que non hai nada")

Na cosmovisión rosaliana o home non é un ser totalmente autónomo do mundo vexetal e do reino animal. E Rosalía aproveita esta idea para argumentar que se nestes dous mundos a repetición está codificada, non nos debe extrañar que o home —o poeta— historicamente volva unha e mil veces sobre os mesmos temas. De aí que, á eterna pregunta "E ben, ¿para que escribo?", conteste de maneira parecida pero desde diferentes puntos de vista; desde unha primeira persoa de plural, inclusiva e xeralizada, en *Follas Novas*

e ben, porque así semos,
 reloxo que repetimos
 eternamente o mesmo.

(F.N., "Ben sei que non hai nada")

e desde unha terceira persoa de singular distanciadora en *En las orillas del Sar*

Vicio, pasión, o acaso enfermedad del alma,
 débil a caer vuelve siempre en la tentación.
 Y escribe como escriben las olas en la arena,
 el viento en la laguna y en la neblina el sol.

Mas nunca nos asombra que trine o cante el ave,
 ni que eterna repita sus murmullos el agua;
 canta, pues, ¡oh poeta!, canta que no eres menos
 que el ave y el arroyo que armonioso se arrastra.

(O.S., "Aún otra amarga gota en el mar sin orillas")

3. O discurso poético rosaliano é, xa que logo, un discurso redundante, insistente, nunca repetido, no que cada pouco remanecen os signos temáticos que máis ecoaron nas celas do seu obradoiro íntimo.

Os signos que teimosamente afloran en *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* son: a) a vida como un inferno de penas; b) o tempo rillando a vida; c) o odio á memoria sombría; d) a pobreza que abate e abaixa coa súa única salvación na emigración, fóra da "hostigada terra"; e) o frío da dúbida relixiosa ante o xeado aguillón da curiosidade, e a perda da fe ante a incompreensión da xusticia divina e do mal sino que vai nas ás da desgracia traidora por un tiránico pensamento racionalista; f) a morte agardada ou o soño do non ser como solución a unha vida desesperanzada; g) a tentación do suicidio nas salas húmidas do mar. Mirémoslos un a un.

A) A vida como un inferno de penas

A xénese do mundo poético de Rosalía de Castro está na súa biografía: no misterio da súa orixe, na súa condición de orfandade, na ausencia parcial e temporal dos

pais, na sospeitosa estabilidade e felicidade matrimoniais, nos continuos padecementos físicos, nas penurias económicas e na desfeita dalgúns dos seus soños máis queridos. E desa biografía abrolla a súa concepción da vida como un inferno, porque, como di Matilde Albert Robatto, “si de alguna manera la obra del escritor, en algunos aspectos y momentos, es una transposición literaria de su vida y, como consecuencia, sus experiencias intelectuales y afectivas, no podemos esperar que la obra de Rosalía derroche alegría” (3). escoitemos dúas confesiós:

A un batido, outro batido;
a unha dor, outro delor;
tras dun olvido, outro olvido;
tras dun amor, outro amor.

I ó fin de fatiga tanta
e de tan diversa sorte,
a vellés que nos espanta
ou o repousar da morte.

(F.N., “A un batido, outro batido”)

Inaplacable angustia,
hondo dolor del alma,
recuerdo que no muere,
deseo que no acaba,
vigilia de la noche,
torpe sueño del día,
es lo que queda del placer gustado,
es el fruto podrido de la vida.

(O.S., “Ansia que ardiente crece”)

B) O tempo rillando a vida

O signo temático do *tempus fugit*, da fuga heraclitiana da vida, é un signo preferencial en *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, un dos que máis veces moviliza a inspiración rosaliana.

O tempo, implacable factor de erosión tanto no plano social coma no psicolóxico, orixina a continua transformación do *eu*, determina a inconstancia das realidades exteriores, incuba o disgusto, ás veces irremplazable, provocado pola perda dos anos e posibilita o paso do engano ó desengano. O vértigo é a esencia da vida e esta, unha “triste pelerinax”. De *En las orillas del Sar* procede esta constatación:

¡Pero qué aprisa en este mundo triste
todas las cosas van!

¡Que las domina el vértigo creyérase!
La que ayer fue capullo, es rosa ya,
y pronto agostará rosas y plantas
el calor estival.

(O.S., “Adivínase el dulce y perfumado”)

e estoutra de *Follas Novas*

O tempo pasou rápido; a centela
tal vez máis lentamente o espazo inmenso
atravesada ó caer, que eles, os anos,
pra min correron en batallas rudas...
¡Mais correron por fin...i o día chega...!

(F.N., “¡Corré, serenas ondas cristiáññas!”)

(3) Matilde Albert Robatto, *Rosalía de Castro y la condición femenina*, Partenón, Madrid, 1981, p. 27.

C) *O odio á memoria sombría*

A Rosalía das eternas bágoas, dos anceios malogrados, das esperanzas mortas, dos negros tormentos, dos amargos desencantos, das asoladoras calumnias e envexas, non atura a luz vivísima da memoria e, querendo acobillarse baixo o cobertor do esquecemento, interrógase nun momento determinado "¿por qué tan terca / tan fiel memoria me ha dado el cielo?". Baixo o signo da memoria actívanse con toda a súa carga aquelas circunstancias biográficas que máis afectaron ó foro do psicolóxico, e cando aquela se torna atormentadoramente fiel e as fontes da vida aparecen envenenadas, sempre son de agardar afirmacións como esta: "¡hai infernos na memoria / cando n'os hai na conciencia!". Na memoria de Rosalía hai un.

Cada vez que recuerda tanto oprobio
—cada vez digo ¡y lo recuerda siempre!—,
avergonzada su alma
quisiera en el no ser desvanecerse,
como la blanca nube
en el espacio azul se desvanece.

(O.S., "Cada vez que recuerda tanto oprobio")

D) *A pobreza que abate e a miseria que abaixa coa súa única salvación na emigración, fóra da "hostigada terra".*

Nas "Dúas palabras da autora" que anteceden a *Follas Novas*, Rosalía advírteles ós futuros lectores do seu libro que "si non pode senón ca-morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea" (4). Consecuente con esta premisa, elabora un discurso poético no que se dá unha perfecta comunión entre palabra lírica e sensibilidade social, e uns versos, moitos máis en *Follas Novas* que *En las orillas del Sar*, ós que afloran os pesares dos "acostumados á desgracia": picariños orfos, homes con poucos horizontes vitais, condenados á emigración, campesiñas galegas, "tan esforzadas de corpo como brandas de corazón", a quen "a emigración i o Rei arrebátanlles decontino o amante, o irmán, o seu home, sostén da familia de cote numerosa" e que, chorando o seu desamparo "pasan a amarga vida entre as incertidumbres da esperanza, a negrura da soidade i as angustias dunha perene miseria". Como di B. Varela Jácome, "o derradeiro libro de *Follas Novas*, titulado "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos", é unha aspra denuncia, unha epopeia do abatemento, do desconforto, da inquedaanza". Nun poema de *En las orillas del Sar* dinos Rosalía

Era la última noche,
la noche de las tristes despedidas,
y apenas si una lágrima empañaba
sus serenas pupilas.

(4) Rosalía de Castro, *Poesía Completa en galego*, edición preparada por B. Varela Jácome, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982, p. 203.

Como el criado que deja
al amo que le hostiga,
arreglando su hatillo, murmuraba
casi con la emoción de la alegría:

— ¡Llorar! ¿Por qué? Fortuna es que podemos
abandonar nuestras humildes tierras;
el duro pan que nos negó la patria,
por más que los extraños nos maltraten,
no ha de faltarnos en la patria ajena.

(O.S., "Era la última noche")

E) O frío da dúbida relixiosa por mor do xeado aguillón da curiosidade e a perda da fe ante a incomprensión da xusticia divina e do mal sino que vai nas ás da desgracia traidora por un tiránico pensamento racionalista.

Os poemas relixiosos de *Follas Novas* e, en particular, de *En las orillas del Sar* preséntannos a unha Rosalía que necesita e busca de corazón a Deus por camiños que dificilmente levan a El, pois están atrancados pola dor no mundo, pola desgracia, pola inxusticia, polo malfado, pola irracionalidade. O frío aguillón da maldita curiosidade fire cando empuxa a busca-la fonduxe do desencanto amargo dunha existencia escura, e cando aquela non atopa xustificación a un destino cruel, moitas veces ilóxico, que non se pode virar (5), a unha morte que agacha moitos interrogantes, a unha xusticia humana desnaturalizada da que Rosalía dixo

Justicia de los hombres, yo te busco,
pero sólo te encuentro
en la *palabra*, que tu nombre aplaude,
mientras te niega tenazmente el *hecho*.

(O.S., "Justicia de los hombres, yo te busco")

e a unha xusticia divina difícil de comprender, ven a sombra xigante da dúbida e a venda celeste da fe cae circunstancialmente dos ollos. A única salvación para non pasar dos ermos da vida ás chairas do vacío está no sentimento. Escoitemos como se arrepción contra un destino absurdo.

Era en abril, y de la nieve al peso
aún se doblaron los morados lirios;
era en diciembre, y se agostó la hierba
al sol, como se agosta en el estío.

En verano o en invierno, no lo dudes,
adulto, anciano o niño,

(5)

—Ninguén torce o poder dos seus destinos
infaustos ou benignos;
nin a ninguén lle é dado
renegar do seu fado.

(F.N., "Era no mes de maio", IV)

y hierba y flor, son víctimas eternas
de las amargas burlas del destino.

Sucumbe el joven, y encorvado, enfermo,
sobrevive el anciano; muere el rico
que ama la vida, y el mendigo hambriento
que ama la muerte es como eterno vivo.

(O.S., "Era en abril, y de la nieve al peso")

Marina Mayoral afirma

Para interpretar rectamente el sentido religioso en la obra de Rosalía hay que tener en cuenta que se trata de un problema que ella vivió de un modo personal, como algo que atañía solamente a ella, y lo vivió a golpe de sentimiento; por eso se contradice y por eso no le importa contradecirse. Unas veces se le imponía una visión de la vida absurda y otras, el deseo de encontrarle un sentido le hacía volverse hacia antiguas creencias. Sus poemas reflejan esos vaivenes de su vida (6).

F) A morte agardada ou o soño de non ser como solución a unha vida desesperanzada.

Non escasean os momentos en que Rosalía suspira pola morte, dado que esta é o único medio de liberarse dunha vida amarga e sombría. Os seus versos, "fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias" reflexan, ás veces con demasiada sinceridade, a aspiración rosaliana ó alleamento de corpo e alma como única fonte de pacificación, ó sono ininterrompido da insensibilidade e da inconsciencia, á *mors liberatrix*.

Meses do inverno fríos,
que eu amo a todo amar,
meses dos fartos ríos
i o doce amor do lar.

Meses das tempestades,
imaxen da delor
que afixe as mocedades
i as vidas corta en fror.

Chegade, e tras do outono
que as follas fai caer,
nelas deixá que o sono
eu durma do *non ser*.

E cando o sol fermoso
de abril torne a sorrir,
que alume o meu reposo,
xa non o meu sufrir.

(F.N., "Meses do inverno fríos")

(6) Marina Mayoral, Introducción biográfica y crítica a *En las orillas del Sar*, Castalia, Madrid, 1978, p. 35.

G) *A tentación do suicidio nas salas húmidas do mar.*

E como ela tarda en vir, Rosalía, que por medio dun dos seus personaxes novelescos chegou a defini-la poesía como un incesante delirio e unha fermosa loucura, pensa que a pantasma que a aterra, a inconstante fortuna, o horrible sufrimento, a sombra do desengano e as dóces mentiras se poden desvanecer cedendo ó engado das húmidas salas do mar ¡soberbia tumba!. En *Follas Novas* está unha terrible pregunta que quizais Rosalía se formulou máis dunha vez

¿Por qué, Dios piadoso,
por qué chaman crime
ir en busca da morte que tarda,
cando a un esta vida
lle cansa e lle afrixe?

(F.N., “¿Por qué, Dios piadoso?”)

Velaquí os múltiples e variados pensamentos negros, eternos e invisibles soberanos da alma rosaliana e irresistibles polos de atracción do seu sentimento poético en *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*.